

ACTA

Lugar: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Data: 12 de marzo de 2020

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 13:30 h

Presidente: Manuel Joaquín Reigosa Roger

Secretaria: Ana Belén Fernández Souto

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Silvia García González, Vicente Romo Pérez, Xosé Manuel Baamonde Silva, Eva María Lantarón Caeiro, Angeles Cancela, Marcos Dopico Castro, Ana Belén Fernández Souto, Álvaro Xosé López Mira, Purificación Marcet Miramontes, Lucrecia María López Rubianes, Carlos Mollinedo Lois Sara M^a Torres Outón Juan Picos Martín

Escusan asistencia: Xosé Manuel Buxán Bran

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Presidente

O Reitor informa de que se puxo en marcha un Comité específico para traballar sobre o problema do Coronavirus, dando unha serie de recomendacións que están disponibles na páxina web. A este respecto, xa se suspenderon as festas universitarias, as actividades extraacadémicas e o programa de maiores.

O Reitor lembra o procedemento a seguir por si hai algún presunto caso.

Vicente Romo indica que hai un posible infectado na súa Facultade e que están a implementar o protocolo da Universidade.

Carlos Mollinedo pregunta polos Erasmus e a docencia práctica nos hospitais. Respecto do primeiro, o Reitor explica que se están a esperar instrucións dos centros de orixe e que se está en contacto –dende a ORI– cos alumnos da Uvigo que están fóra. En canto á docencia práctica en hospitais, o Reitor indica que xa está suspendida *sine die*.

O reitor informa de que se avisou ao servizo de limpeza para que fagan máis fincapé nas tarefas de desinfección.

Ademáis de informar sobre o Coronavirus, o Reitor indica que o tema do campus de especialización está pechado.

Tamén comenta que a sede electrónica estará operativa dende o vindeiro luns e a acción social, próximamente.

Informa tamén dun curso de igualdade dirixido a toda a comunidade universitaria, que estará disponible nas vindeiras semanas. Prevénse incentivos para os membros que o cursen.

O Reitor comenta que se segue a traballar no tema do Grao de deseño e creación.

Comenta tamén que hai unha solicitude do Grao de Xestión e Administración Pública, para converterse en Facultade propia.

O Reitor indica que se realizou unha reunión da CRUE en Toledo no que se reflexionou sobre o éxito e fracaso das titulacións, o desfase entre universidades públicas e privadas, datos económicos das universidades, a falta de mulleres nas carreiras máis técnicas e científicas e sobre os estudos integrados (grao e máster coordinados).

3. Informe do Vicerreitor do Campus de Pontevedra.

O Vicerreitor empeza explicando o investimento levado a cabo nas infraestruturas do Campus:

- Comunica que a Unidade de Mediación da Universidade de Vigo xa está en marcha e que estará ubicada na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- Así mesmo anuncia a creación dun novo pantalán para actividades náuticas para a comunidade universitaria do Campus na baira do Río Lerez e que xa está operativo.
- Anuncia a intención de que a medio prazo se poda trasladar á Facultade de Educación e do Deporte todo o material deportivo da Universidade que está almacenada ao lado do pavillón universitario.
- Informa sobre as medidas levadas a cabo para implementar a eficacia enerxética.
- Estase a preparar o pedido para o material do edificio da Rúa Benito Corbal.
- Informa sobre a próxima saída da nova revista do Campus de Pontevedra CREA
- Informa sobre os cursos de Extensión Universitaria.
- Informa sobre os programas enmarcados en GreenCampus e de Educación Ambiental: aforro enerxético, avaliación do consumo de auga nos centros, programa de redución de consumos de plástico, arboreto do Campus, etc...
- Informa da incorporación dunha nova técnica de I+D do campus, que está na Unidade de apoio a Centros e Departamentos.
- Informa de que está entregada a acreditación do Campus de especialización, á espera de ser avaliada aínda que non hai moitas esperanzas de pasar o corte por motivos alleos a esta Vicerreitoría. Fíxose este ano un plan estratéxico do Campus, requisito que pide a Xunta e que non estaba feito ata o de agora. O Prof. López Mira pregunta polas condicións que impón a Xunta para o campus de especialización e o Vicerreitor comenta que as condicións para presentarse, son entre elas, ter un plan de plan estratéxico antes do 2018 e financiado pola Xunta de Galicia, cuestión que non se cumpre e o Reitor incide en que Pontevedra non os cumpre. O vicerreitor comenta a reunión levada a cabo coa responsable da xestión, na Xunta de Galicia, dos Campus de Especialización para ver a posibilidade de presentarnos pero non é posible presentalo polas condicións publicadas pola administración autonómica.
- Finalmente o Vicerreitor comenta que ante o Coronavirus se suspenderán algunhas actividades culturais previstas, congresos, exposicións, conferencias, etc., no campus. Informa dunha reunión coa Deputación para buscar fórmulas de colaboración cultural e educativa entre ambas institucións.

4. Intervención da Vicerreitora de Investigación

A Vicerreitora informa de que xa está avaliada a produción de investigación.

Comenta tamén que é preciso traballar institucionalmente o tema da normalización da filiación profesional no nome das publicacións.

Informa da saída das axudas propias da Uvigo e de que está en marcha a convocatoria da Xunta de Consolidación. A este respecto indica que é preciso conseguir máis proxectos e tamén buscar alianzas entre os grupos de I+D.

Finalmente comenta que se está a traballar no Selo de Recursos Humanos da Uvigo.

5. Intervención do Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

O Vicerreitor ofrece a súa visión sobre o Campus de Pontevedra, indicando que se trata de un Campus atractivo e consolidado, con bastante potencial, con PDI xoven e pouco reivindicativo.

Plantexa como obxectivos do campus os seguintes:

- É o único Campus en PCEOS

- O único sen grados abertos

- Debe mellorarse a oferta de Master, doutoramento e titulacións propias. A este respecto os decanos discuten sobre as posibilidades de ofertar novos Máster e concordan co Vicerreitor na necesidade de ampliar esta oferta. Neste marco, Xosé Baamonde lembra que o Plan de estudos de Comunicación Audiovisual recolle unas necesidades novas que suponen a inversión de cartos.

O Vicerreitor informa sobre o estado do POD, o programa de promoción e estabilización de persoal no campus, así como sobre os avances en medidas de conciliación, no pago íntegro das baixas por enfermidades ou ter un calendario laboral conxunto para PAS e PDI. Indica tamén que se está a traballar na elaboración de novas normativas.

6. Rogos e preguntas

Xosé Baamonde pregunta polos prazos que se barallan para a creación da nova Facultade de Xestión e Administración Pública, ao que o Reitor indica que non se sabe pero non será nin este curso, nin este ano. Baamonde indica que desexa que conste en acta que a Comisión do grado e mestrado de Xestión e Administración Pública solicitou que se levase á Xunta de Facultade e así se fixo.

Rematada a sesión, o Reitor confirma que se suspenden as actividades docentes a partir do luns e que as bibliotecas se pechan ao público pero o persoal traballa internamente.

E sen máis asuntos que tratar, remata a xuntanza do consello de campus ás 13:30h.